

A Escola Infantil Municipal (EIM)

Normativa reguladora:

- Ordenanza Reguladora da Escola Infantil Municipal. Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm 158 de 22 de agosto de 2016, ou normativa que a substitúa.
- Ordenanza núm 32 "Prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil municipal". BOP núm 158 de 22 de agosto de 2016, ou normativa que a substitúa.

Que é a EIM?

A EIM é un recurso organizado para o coidado dos/as nenos/as e que cumpre unha función eminentemente social e educativa.

A EIM depende, administrativamente, da Concellería de Relacións coa Comunidade Educativa do Concello de Arteixo.

Como se organizan os grupos?

A relación do Persoal de atención directa ás nenas e nenos será, como máximo, a seguinte:

* Unidades para nenos/as menores de 1 ano: 1/8

* Unidades para nenos de 1 a 2 anos: 1/13

* Unidades para nenos de 2 a 3 anos: 1/20

Quen pode solicitar praza?

Poderán solicitar praza na EIM durante os prazos estipulados ao efecto, as nenas e os nenos que reúnan os seguintes requisitos:

* Estar empadroada toda a unidade familiar ou convivencial no concello de Arteixo con anterioridade ó inicio do prazo de presentación de solicitudes.

* Ter nacido/a aspirante a praza no momento de presentación da solicitude.

* Idade mínima: ter cumpridos os 3 meses na data de inicio do curso.

* Idade máxima: non ter cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro do ano en que se solicita a praza

Tamén poderán solicitar praza aquelas persoas que acrediten proximidade do posto de traballo á EIM.

Prazos de solicitude e adxudicación

Os prazos que se establecen para a solicitude e adxudicación de prazas na EIM, son os seguintes:

Renovación de praza	Do 18 de marzo ao 5 de abril
Solicitudes novo ingreso	Do 18 de marzo ao 5 de abril
Publicación de lista provisional	10 de maio
Prazo de reclamacións	Do 13 ao 21 de maio
Publicación lista definitiva	31 de maio
Formalización de matrícula	Do 1 ao 12 de xuño

Solicitudes de non empadroados

As solicitudes dos non empadroados no termo municipal de Arteixo só se terán en conta finalizado o proceso de matriculación se quedasen prazas vacantes.

Calendario e horarios

1. A EIM prestará os seus servizos de luns a venres, sendo non lectivos os festivos nacionais, autonómicos e locais.

2. O horario da EIM é de 7:30 h. a 20:30 h. de xeito ininterrompido

3. Os horarios de asistencia ao centro estrutúranse do seguinte xeito:

- Horario de mañá de 7:30 horas a 15:30 horas.

- Horario escolar: como medida de apoio á familia, ofértanse as seguintes opcións de horario:

· Opción a): de 10:00 horas a 17:00 horas con comedor

· Opción b): de 10:00 horas a 13:00 horas e de 15:00 a 17:00 horas sen comedor

- Horario de tarde: de 15:30 horas a 20:30 horas.

Os/as nenos/as deberán optar por unha das alternativas.

En todo caso, o Concello de Arteixo poderá introducir modificacións atendendo a criterios de necesidade do servizo.

Organizacións especiais

Nos meses de xullo e agosto manterase, inicialmente, a atención en horario completo (de 7:30 h a 20:30 h) sempre e cando a ocupación do centro supoña un mínimo que permita realizar os axustes derivados das reducións de horarios e asistencias e sempre que a demanda sexa suficiente para crear unha unidade internivelar (15 nenos de 0 a 3 anos) . En caso contrario, os horarios de apertura adaptaranse de tal xeito que se poida cumprir o establecido, pechándose no caso de que se acredite a falta de asistencia para manter esa ratio.

En todo caso, en aplicación da lexislación vixente, en calquera momento ó longo do curso, de non existir demanda suficiente para formar grupos do mesmo nivel na ratio legalmente establecida, as nenas/os nenos poderán ser agrupados sempre respetando as ratios permitidas (para nenos de 0-3 anos: 1/15).

Horario de permanencia

O horario máximo de permanencia dos nenos/as na EIM será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas, a valorar pola Concellería de Relacións coa Comunidade Educativa do Concello de Arteixo, que poderá amplialo.

A utilización dun horario ampliado ou distinto dos estipulados xenericamente como de asistencia ao centro por parte do/a neno/a esixe que os/as pais/nais ou persoas titoras presenten xustificación documental da necesidade. En todo caso, sempre que as circunstancias familiares do/a neno/a o obriguen a permanecer na EIM máis das oito horas estipuladas, fomentárase que os/as pais/nais ou persoas titoras ou representantes legais se fagan cargo do neno/a ó longo da xornada no tempo que dispoñan libre, co fin de favorecer as relacións paterno-filiais.

Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse de acorado co seguinte baremo establecido ao efecto no que se teñen en conta as seguintes circunstancias:

- * Situación sociofamiliar
- * Situación laboral familiar
- * Situación económica

1. Situación sociofamiliar	
1.1. Por cada membro da unidade familiar	2 puntos
1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela	1 punto
1.3. No caso de que a nena ou o neno para o que se solicita a praza nacesse nun parte múltiple	1 punto
1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade ou enfermidade que requira internamento periódico	2 puntos
1.5. Pola condición de familia monoparental	3 puntos
1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
1.7. Pola condición de familia numerosa	3 puntos
1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas	Ata 3 puntos

2. Situación laboral familiar	
2.1. Situación laboral de ocupación :	
Nai	7 puntos
Pai	7 puntos
2.2. Situación laboral de desempleo (1):	
Nai	2 puntos
Pai	2 puntos
2.3 Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga)	
Nai	3 puntos
Pai	3 puntos
(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.	
No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cunha soa persoa proxenitora en análoga situación, debidamente xustificada, adxudicáraselles a puntuación da epígrafe correspondente computándoa por dous.	
3. Situación económica	
R.P.C.. mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) ¹ vixente	
Inferior ao 30 % do IPREM	+ 4 puntos
Do 30 % ou superior e inferior ao 50 % do IPREM	+ 3 puntos
Do 50 % ou superior e inferior ao 75 % do IPREM	+ 2 puntos
Do 75 % ou superior e inferior ao 100 % do IPREM	+ 1 puntos
Do 100 % ou superior e inferior ao 125 % do IPREM	- 1 puntos
Do 125 % ou superior e inferior ao 150 % do IPREM	- 2 puntos
Entre o 150 % e o 200 % do IPREM	- 3 puntos

¹ IPREM actual: 537,84 € mes

Superior ao 200% do IPREM	- 4 puntos
No caso de obter igual puntuación terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor	
Considérase que están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao IPREM	
No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo	
No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar	

Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas:

As prazas adxudicaranse por esta orde:

■ Procedemento ordinario

1. Solicitudes de renovación de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2018-2019.
2. Novo ingreso:
 - a. Fillos/as do persoal que preste servizo na escola infantil
 - b. Solicitantes con irmán/á con praza (renovada ou de novo ingreso) no centro para o que solicitan a praza
 - c. Menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.
 - d. As prazas que queden vacantes adxudicaranse segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo anteriormente reflectido.

■ Procedemento extraordinario

1. Ingresos urxentes
 - a. Os/as fillos/as das mulleres que estean nunha casa de acollida ou sexan vítimas de violencia de xénero.
 - b. Aqueloutros en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

Bono concilia

O Bono concilia é unha axuda que pode conceder a Xunta de Galicia, en función da baremación da situación socio-familiar, laboral e económica da unidade familiar, consistente no pago parcial ou total dunha praza nunha escola infantil non sostida con fondos públicos. Poderán optar a esta axuda aquelas familias que non obteñan prazas públicas nas condicións que estableza a correspondente convocatoria e que cubran o anexo especificado.

A renuncia a unha praza pública concedida implica a imposibilidade de obter á axuda do Bono concilia.

Prezo público

Para a determinación do importe mensual do prezo público que se debe aboar pola praza na escola infantil, teranse en conta as especificacións recollidas na Ordenanza núm 32 “Prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal”.

Para estes efectos, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polo/s cónxuxes non separados legalmente ou persoas con relación análoga de afectividade e:

1º As fillas e os fillos menores, con excepción de quen, con consentimento da/s nai/s e/ou do/s pai/s, vivan independentes destas/es.

2º As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3º As fillas e os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no momento de solicitude de praza.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

Non obstante o anterior, cando as circunstancias concorrentes na data da devindicación do IRPF non coincidan coas circunstancias do momento da presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación do baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.

Tarifa	Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)	Horario de mañá	Horario escolar continuado	Horario escolar (partido)	Horario de tarde	Comedor	Almorzo	Merenda
T1	Rendas inferiores ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T2	Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	16,50 €	3,00 €	5,00 €
T3	Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM	33,00 €	31,00 €	25,00 €	21,00 €	16,50 €	3,00 €	5,00 €
T4	Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	66,00 €	62,00 €	50,00 €	42,00 €	25,00 €	4,00 €	7,00 €
T5	Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	106,00 €	100,00 €	80,00 €	66,00 €	35,00 €	6,00 €	10,00 €
T6	Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	126,00 €	118,00 €	95,00 €	79,00 €	50,00 €	9,00 €	15,00 €
T7	Rendas comprendidas entre o 150% e o 200% do IPREM	139,00 €	130,00 €	105,00 €	87,00 €	60,00 €	11,00 €	18,00 €
T8	Rendas superiores ao 200 % IPREM	160,00 €	150,00 €	120,00 €	100,00 €	70,00 €	12,00 €	20,00 €

Matrícula

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación así como a formalización de matrícula no prazo sinalado son imprescindibles para confirmar a praza, en caso contrario a persoa interesada decaerá da súa solicitude.

Relación definitiva de admisión

Na relación definitiva de admisión estarán incluídas as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación que tiveran entrada con anterioridade á data de publicación da relación provisional.